



CÍRCULO DE SILENCIO

Rede Social Galicia Sur

#CírculosDeSilencioVigo

2 de novembro

O mundo parece estar a tolear, e o panorama comeza a ser aterrador: guerras, conflitos, violencia, morte. ¿Que foi da empatía, da solidariedade global que, segundo se dicía entón, era unha das máis positivas ensinanzas da pandemia do covid? Todo se esqueceu no medio dunha loita sen cuartel por acaparar recursos, por ocupar territorios, por exprimir ás comunidades e persoas máis empobrecidas. As guerras de Rusia contra Ucraína, de Israel contra Palestina, de Marrocos contra o Sahara, as violencias de tantos conflitos esquecidos que non saen nos grandes medios de comunicación, a crise económica e climática, a suba xeneralizada de prezos das materias primas, o custo da enerxía, os problemas do transporte, a falla de subministración... todo fala dunha crise sistémica e global, na que imos perder a maioría das persoas, pero en primeiro lugar as de sempre, as que levan moitos anos xa padecendo a pandemia silenciosa da pobreza e da precariedade. O informe “Estado da Pobreza en Galicia” 2022 revelaba que 678.000 persoas, o 25,2% da poboación galega, é dicir, unha de cada catro veciñas e veciños, estaba no ano 2021 en risco de exclusión social. A feminización da pobreza (especialmente en familias monoparentais), como tamén nos menores de idade, onde alcanza a un 34% da poboación, e o empeoramento de todos os indicadores vinculados ao acceso a unha vivenda digna e accesible seguen a ser os principais factores de risco e empobrecemento.

O 26,8% dos fogares galegos non gastan nin a metade do preciso para ter condicións saudables de luz, calefacción ou auga sanitaria, o que converte á nosa comunidade nunha das máis empobrecidas do estado español neste aspecto. Estamos a falar de un de catro fogares, que non teñen recursos para facer da súa vivenda o seu fogar. De maneira que o endebedamento das familias vaise acumulando e as medidas dos gobernos resultan meramente paliativas, e non fan máis que adiar os problemas. É o caso do Ingreso Mínimo Vital da administración central, da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), das pensións non contributivas ou das axudas de emerxencia do concello de Vigo. Son todas medidas insuficientes, con frecuencia incompatibles, moi burocratizadas e lentas, que confunden asistencialismo con xustiza social, esmolos con dereitos.

Moitas familias, moitos veciños e veciñas da nosa cidade, pasan frío e malviven en vivendas insalubres e dañinas, con frecuencia okupadas por falta de alternativas por parte das administracións. Estas vivendas, moi precarias, ás veces causan vítimas inocentes, como por desgraza pasou recentemente na nosa cidade. Por conseguinte, precisamos e demandamos cumprir compromisos como acabar co chabolismo e a infravivenda, e facilitar o acceso mediante alugueiros sociais a vivendas dignas para as persoas que máis as precisan. E, por suposto, poñer en práctica medidas efectivas e áxiles para garantir o acceso suficiente ás subministracións básicas de luz, auga e calefacción.

A pesares das reiteradas promesas das administracións, as promocións de vivenda social e pública son ridículas en comparación coas necesidades reais, os prezos están disparados e moitas grandes

empresas especulan coa vivenda no mercado de alugueiro, sobre todo, nos últimos tempos, mediante os chamados pisos turísticos. Cómpre engadir a todo isto unha inflación desbocada que está provocando incrementos masivos nos prezos de servizos básicos (dende a alimentación ata a luz e a calefacción). A realidade é teimuda: en Vigo, máis de 30.000 veciños e veciñas, o 10,6% dos vigueses, sobreviven con menos de 7500 euros ao ano, segundo os datos do 2022 do Instituto Nacional de Estatística. Destes, case a metade nin sequera chegan aos 5.000 euros anuais. Moitos viven directamente da caridade doutras persoas para sobrevivir. Fronte a esta situación, nun contraste estarrecedor, non hai moito tempo un xornal local titulaba: “Apenas 70 vivendas para alquiler en Vigo costan menos de 700 euros”. Como se pode vivir con dignidade nesta situación?

Non pedimos medidas excepcionais, axudas, facilidades... Pedimos, reclamamos, esiximos dereitos, dereitos recoñecidos e avalados na tan invocada Constitución, que no seu artigo 47 determina que: “Todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación”. Ler este texto hoxe, agora, provoca vergoña, impotencia, rabia. Quédanos o berro da denuncia, o xesto de saír á rúa, compartir a nosa indignación e reclamar xustiza. E quédanos, ante todo, expresar a nosa solidariedade coas vítimas do recente incendio nun edificio okupado da nosa cidade, e dar testemuña da súa dor, moitas veces incrementada pola invisibilización que sofren acotío.

A pobreza e, especialmente, as desigualdades son cada vez máis extremas, intensas e crónicas. É urxente atacar as causas e cambiar as políticas económicas e sociais que xeran riqueza para o 1% e un empobrecemento xeneralizado para o resto da poboación, tanto dentro como fóra do Estado español. Tamén é urxente cambiar un sistema que fomenta a guerra para o control xeoestratéxico dos recursos, destrúe a natureza, ocasiona fames extremas e incrementa as desigualdades sociais. Sabemos cales son os problemas e coñecemos moitas das súas causas estruturais; tamén sabemos que existen solucións reais e factibles. Queremos solucións baseadas en dereitos. Esiximos políticas cuxo centro sexa a xustiza social e ambiental.

Vivimos tempos de conflito, de violencia, de guerras, de morte. Vivimos, tamén, tempos de dor, de soidade, de desamparo, de pobreza, de desigualdade. Aquí, no máis cotián, nos nosos barrios, e fóra, no noso pequeno mundo globalizado. Hai xa moitos anos que nos movementos sociais e ecoloxistas vimos lembrando a importancia do lema: “pensa globalmente, actúa localmente”. E hai tamén moitos anos que Eduardo Galeano escribiu aquilo que dicía: “Moita xente pequena, en lugares pequenos, facendo cousas pequenas, pode cambiar o mundo”. Aínda que ás veces sintamos que o noso silencio de denuncia é un berro afogado lanzado no deserto, mesmo no deserto máis inhóspito poden abrollar sementes de futuro.

Vémonos o 7 de decembro, no próximo círculo de silencio. Moitas grazas por asistir.